




Recunchos de Outono

Programa de andainas do concello de Vimianzo

-  Ruta do mel 15 outubro
-  Bamiro: un paseo pola historia 30 outubro
-  Entre Carnés e Cereixo 19 novembro

Para máis información ou inscricións escanea o código QR ou visita a web www.vimianzo.gal.

Son rutas circulares polo que os desprazamentos ata o punto de inicio serán por conta allea.

Saída ás 9:30 e remate ás 14:00 (hora aproximada).

Recoméndase levar comida, bebida, calzado e roupa axeitada.

Actividade gratuíta.



INSCRÍBETE

Cruceiro dos Santos (Cheis)

NORMAS E RECOMENDACIÓNS

Normas xerais

- Todas as andainas programadas son circulares, con saída e chegada no mesmo punto.
- Os participantes deberán trasladarse ao punto de inicio da andaina polos seus propios medios.
- No caso de participación de menores de idade, éstos deben ir acompañados dun adulto e con autorización paterna ou materna.
- Está prohibido deixar lixo ou residuos na natureza. Cada un será responsable de levalos consigo e depositalos nunha papeleira cando a atope.
- Non se recomenda a participación de persoas que presenten algún tipo de patoloxía para a que non estea indicado este tipo de actividade.

Material recomendable

- Botas de montaña ou calzado axeitado.
- Roupa axeitada para a actividade e adecuada ás condicións meteorolóxicas.
- Paraugas ou sombreiro e protección solar en función das condicións meteorolóxicas.
- Mochila con comida e bebida.
- Bastóns de sendeirismo.

A ruta do mel



Campo da
Areosa

Rego das
Borrallas

Alvariza de
Fulías

Alvariza de
Lucas

Rego Mourelas

Rego do Monzo

Alvariza dos
Corzón das Pasantes

Campo da
Areosa



Data

15

Outubro

Saída

9:30

Campo Areosa

Distancia

9 Km

Circular

Descrición



O principal atractivo desta andaina é a visita que teremos a oportunidade de facer a máis dunha ducia de antigas alvarizas que salpican o monte fãro de Vimianzo. Seguindo o curso do rego das Borrallas, o rego Mourelas e o rego do Monzo, descubriremos multitude de alvarizas que nalgúns tempos fixeron deste monte un dos máis ricos da comarca en produción de mel. Algunhas destas estruturas aínda están en uso e nelas pódense observar os enxames de abellas.

Destacan sobre as demais, polo seu tamaño, as alvarizas de Fulías, a de Lucas e, sobre todo, a de Corzón das Pasantes: unha estrutura lineal de máis de 40 cámaras que supera os 50 metros de longo. Durante o percorrido haberá degustación de produtos elaborados con mel.

Non se recomenda a participación na ruta de persoas alérxicas ás picaduras de abellas.

Bamiro: un paseo pola historia

OUTONO 2022
Recunchos
Programa de andainas



Data

30

Outubro

Saída

9:30

Escola de Bamiro

Distancia

14 Km

Circular

Descrición


Nesta andaina visitaremos algúns dos lugares con máis emblemáticos da parroquia de Bamiro, e do entorno do río Grande ao seu paso pola Piroga e Baio.

Saíndo da escola de Bamiro tomaremos dirección Cheis para visitar un dos máis importantes e antigos cruceiros de Galicia, o Cruceiro dos Santos. Dende aí dirixirémonos cara a fonte e o relaxante entorno da capela de Monte Torán.

Despois dun pequeniño descanso baixaremos polo campo da feira ata A Piroga, para cruzar ao veciño lugar de Baio e percorrer a fermosa ribeira do río Grande, pasando pola Carballeira de Baio e a área recreativa de Pedra Vixía. Para rematar remontaremos o río Torrente que nos levará ata os Muíños de Genaro e, finalmente, ata a escola de Bamiro.

Entre Carnés e Cereixo

OUTONO 2022
Recunchos
Programa de andainas



Torres de Cereixo

Castiñeiro do Cura

Muíño de Paco

Cabazo de Pedro do Grego

A Fagía

Fonte de Carnés

Muíño de mareas e paseo fluvial

Igrexa de Cereixo

Data

19

Novembro

Saída

9:30

Torres de Cereixo

Distancia

9 Km

Circular

Descrición

Andaina con esencia, alma e tradición.

Ao longo de 9 km camiñaremos entre paisaxes de ribeira e de interior; teremos ocasión de contemplar numerosos muíños, algúns deles en ruínas, e mesmo poderemos visitar un dos poucos que quedan en activo, o Muíño de Paco.

Tamén teremos ocasión de ver un dos cabazos máis grandes da Costa da Morte, ademais doutro non menos singular, o Cabazo de Pedro do Grego, que ten a peculiaridade de que foi construído para que puideran pasar por debaixo del carros e tractores, polo que ven se podería denominar un "cabazo - ponte".

A medio percorrido pararemos na Cerca para repoñer forzas desgustando os famosos callos da Fagía de Carnés e despois poremos rumbo de novo a Cereixo, onde visitaremos o muíño de mareas e a igrexa de Santiago de Cereixo e a súa Traslato (S. XIII). Para rematar a andaina achegámonos ao